

Muller
MJGVP/brb
Refº: FORO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ EN MATERIA DE IGUALDADE
Asunto: Caso María Pilar Palacios Caballero

ACORDO DO FORO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ EN MATERIA DE IGUALDADE DO CONCELLO DE LUGO

O día 15 de febreiro de 2011 no Salón de Plenos do Concello de Lugo, a partir das 9:30 horas, reuniouse o Foro de Participación Cidadá en Materia de Igualdade en **sesión extraordinaria** coa asistencia de :

A Presidenta: D^a. María del Carmen Basadre Vázquez, a Vicepresidenta: D^a. Sonia Méndez García e as/os seguintes vogais: D^a. Sofía López Linares, en representación do Grupo municipal do PP, D^a. Paz Abreira Sobrado, en representación do Grupo municipal do BNG, D. Lino González Dopeso, en representación do Grupo municipal do PSOE, D^a. Mónica Álvarez San Primitivo, en representación das Asociacións de Persoas con Discapacidade, D^a. Irene Jiménez Cortiñas, en representación da Asociación Integración Xitana, D^a. Dolores Maceda Fernández, en representación de CC.OO., D^a. Mercedes Mourenza Fernández, en representación da CIG e D^a. Belén Regueiro Burgo, técnica da Casa da Muller.

Para tratar como **único punto da Orde do día** o seguinte:

-Valoración da adopción por parte do Foro dun acordo para expresar o su rexeitamento polo asasinato en Sober de María del Pilar Palacios Caballero, que se atopa sen resolver, así como o tratamento que se está a realizar por parte dalgúns medios de comunicación.

O FORO ADOPTA O SEGUINTE ACORDO:

-REXEITAR O ASASINATO DE MARÍA DEL PILAR PALACIOS CABALLERO EN SOBER, E MANIFESTAR A SÚA PREOCUPACIÓN PORQUE QUEDARA IMPUNE.

-EXPRESAR A SÚA SOLIDARIEDADE Á FAMILIA DA VÍTIMA.

-DIRIXIRSE Á SOCIEDADE E AOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN PARA QUE ESTA MORTE SE TRATE AO MARXE DE ESTEREOTIPOS E PREXUIZOS RELATIVOS Á ACTIVIDADE DA VÍTIMA E QUE SE VISIBILICE A MARÍA DEL PILAR PALACIOS CABALLERO, ÚNICAMENTE COMO MULLER VÍTIMA DA VIOLENCIA MACHISTA E QUE SE RESPECTE Á FAMILIA DA

Muller

MJGVP/brb

Refº: FORO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ EN MATERIA DE IGUALDADE

Asunto: Caso María Pilar Palacios Caballero

FALECIDA E QUE NON SE OFREZA UNHA IMAXE SENSACIONALISTA DOS FEITOS.

-DIRIXIRSE Á XUSTIZA PARA QUE EN TODOS OS CASOS DE ASASINATOS MACHISTAS, EN ESPECIAL, NAQUELES NOS QUE ÁS VÍTIMAS PERTENCEN A COLECTIVOS SOCIAIS MÁIS VULNERABLES, SE CUIDEN TODOS OS MECANISMOS NA INVESTIGACIÓN E NA INSTRUCCIÓN, ASÍ COMO A FORMACIÓN DAS/DOS MEMBROS DO XURADO, A FIN DE QUE SE GARANTA A XUSTIZA E QUE ESTES GRAVÍSIMOS DELITOS NON QUEDEN IMPUNES.

Lugo, 15 de febreiro de 2011.